

Porque a arte é saudable...

O Grupo de Investigación de Medicina Preventiva e Saúde Pública (MP1) e a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo, coa financiación da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), e en colaboración coa Asociación Galega de Educación para a Saúde, co colectivo Medicina e Arte, con Boek 861 e con Psicotrex, convocan un certame de Arte Postal coa saúde e a arte como fío condutor.

BASES

A Arte Postal é un movemento planetario de intercambio e, sobre todo, de comunicación, a través do correo. Os seus antecedentes atopámoslos no primeiro cuarto do século XX (1928), e a súa meirande contribución á humanidade non é a de deseñar un estilo concreto, nin a produción de obras de arte, senón a creación dunha rede de comunicación e intercambio onde, de xeito aberto, as persoas, artistas ou non, pero sempre interesadas no tema do que se trate, reciben información, dan información e exprésanse libremente. É unha rede viva que reflicte os cambios producidos na sociedade, utilizada en ocasións como instrumento de concienciación, e que permite observar os diferentes camiños que toma a sociedade grazas á súa condición cambiante (unha das características da Arte Postal é a súa adaptabilidade).

Invitamos a todas as persoas que o desexen (de calquera idade e parte do mundo) a participar nesta convocatoria, enviando obras, de xeito individual ou colectivo, a través do Correo Postal ou do Correo Electrónico.

Seguimos os principios da Arte Postal (AP):

- Liberdade de expresión. Aínda que ás veces nos proxectos de AP se establecen temas determinados, á persoa que é artista postal supónselle liberdade absoluta para o exercicio da súa actividade.
- Non hai seleccións, non hai xurados. Todos os traballos recibidos nos proxectos acéptanse e expóñense, sen limitacións.
- Non hai vendas. O diñeiro e a AP non se levan. Os traballos enviados permanecen en poder dos seus receptores en forma de arquivos, e estes teñen dereito a expoñelos, coleccionalos ou dispoñer deles como desexen, cunha certa obriga entendida de preservalos e conservalos do mellor xeito posible.
- Realizar catálogos ou listas dos participantes nos proxectos entra dentro tanto das posibilidades económicas do momento e de cada artista postal como das normas da boa educación.

TEMA

Traballar o tema da saúde dende o punto de vista da súa promoción e o da educación para a saúde (facendo máis fincapé en non enfermarse ca en curar a enfermidade que xa se colleu), enfocándoo dende a nosa expresión máis íntima e subxectiva mediante a expresión artística e/ou literaria.

As obras deberán ir acompañadas dun breve comentario explicativo da relación que gardan coa saúde. Ademais, poderá cubrirse e enviarse tamén un breve cuestionario sobre estilos de vida relacionados coa saúde, que vai adxunto a estas bases, e que estará tamén dispoñible en internet no sitio web desta convocatoria: <<http://webs.uvigo.es/saudarte>>, de maneira que poderá ser cuberto de xeito anónimo. Agradecemos moito que o cubrades e enviesdes pois vains servir para analizar os estilos de vida da poboación.

TÉCNICA

Libre.

Serán aceptadas obras de pintura, debuxo, escultura, fotografía, collage, selos, poesía visual, ou calquera outra técnica, en pequeno formato, (orixinal, copia, fotografía, reprodución ou o que a propia persoa artista estime oportuno).

MEDIDAS

Pequeno formato; como máximo en DIN A4 (29,7 x 21 cm, ou 21 x 29,7 cm), para lenzos 3M, 3P ou 3F (27 cm polo lado máis grande), ou ben 4M, 4P ou 4F (33 cm polo lado máis grande).

Se o envío é por correo electrónico, teñen que ter de peso, como máximo, 1 MB.

ENDEREZO DE ENVÍO

Convocatoria de Arte Postal 'SaudArte'

A/A de Lourdes Maceiras

Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública

E.U. Fisioterapia

Campus Universitario

36005 Pontevedra

(España)

Enderezo electrónico de envío: saudarte@uvigo.es

Sitio web onde poden consultarse as bases e máis datos: <http://webs.uvigo.es/saudarte>

DATA LÍMITE DE ENVÍO

31 de outubro de 2010.

DATOS

Nome e apelidos da persoa autora, (se pertences a algún colectivo e queres indicalo, podes facelo), Se queres que a obra apareza con pseudónimo ou de xeito anónimo, tes que indicalo.

Enderezo postal: rúa/praza, número, piso; código postal, localidade, provincia; país.

Título da obra, técnica, soporte, medidas en cm (horizontal x vertical), ano de realización.

As obras deberán ir acompañadas dun **breve comentario explicativo** da relación que gardan coa saúde.

É preciso facilitar un enderezo de correo electrónico de contacto. Se tes sitio web e queres indicalo, podes facelo.

Se queres que o teu enderezo de correo electrónico e/ou algún outro dato de contacto aparezan na túa obra nas exposicións que se farán e tamén en internet, faino constar nela.

Haberá un listado de participantes no sitio web da convocatoria

<<http://webs.uvigo.es/saudarte>>.

SOBRE AS OBRAS:

Non serán devoltas. Quedarán en poder da organización (Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, e Unidade de Cultura Científica), dentro dos fondos da Universidade de Vigo, de cara a posteriores exposicións, estudos e traballos de investigación.

A propiedade intelectual é das autoras e autores das obras; o dereito de reprodución e copia (copyright) (©) é das persoas autoras, da organización e da Universidade de Vigo.

Enviarase a cada participante un **diploma de participación** á súa caixa de correo electrónico.

A organización non se fai responsable das posibles perdas ou deterioracións dos orixinais, nin das tardanzas ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros, que poida afectar aos envíos das obras participantes.

A organización está facultada para resolver toda cuestión da súa competencia que non quede establecida de maneira explícita nestas bases.

SOBRE A EXPOSICIÓN:

Coas obras recibidas faranse tres exposicións, unha en [Vigo](#), outra en [Pontevedra](#) e outra en [Ourense](#), nas que se amosarán todas as obras recibidas, acompañadas dos seus comentarios e un resume científico-divulgativo dos resultados dos cuestionarios cubertos e enviados. As obras recibidas por correo electrónico expóñanse en pantallas, mediante canóns de proxección, de xeito continuado, nas mesmas salas e ao mesmo tempo cás obras recibidas polo correo postal.

Ademais, nas salas de exposición haberá [paneis explicativos](#) sobre hábitos saudables e cuestionarios sobre estilos de vida relacionados coa saúde para ser respondidos polas persoas visitantes.

As exposicións estarán abertas ao público 15 días en cada cidade polo menos, e serán levadas a cabo en salas do centro dela para facilitar as visitas á exposición. Levaranse a cabo outras actividades culturais paralelas ás exposicións. Organizaranse sorteos de materiais culturais entre os participantes.

No espazo web da convocatoria <http://webs.uvigo.es/saudarte> íranse poñendo todos os datos a medida que vaian xurdindo, poderanse ver as obras enviadas (haberá nel unha exposición virtual), o listado de participantes, e poderase responder ao cuestionario sobre estilos de vida relacionados coa saúde (de xeito totalmente anónimo).